



ADMISIÓN DE PRAZAS EN CENTROS PÚBLICOS. CURSO ACADÉMICO 2019/2020

INFORMACIÓN XERAL DO PROCESO

Abeiro normativo:

- DECRETO 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

ETAPA / CURSO
1º ESO
2º ESO
3º ESO
4º ESO
1º e 2º BAC CIENCIAS E TECNOLOXÍA
1º e 2º BAC HUMANIDADES E CC.S.
1º e 2º BAC ARTES PLÁSTICAS

Prazo de presentación de solicitudes: do 1 ao 20 de marzo ata ás 14:00 horas

Onde presentar a solicitude? Preferentemente na Secretaría do centro onde se desexe matricular o alumno xunto coa seguinte documentación: **(Orde do 25 de xaneiro, punto 5)**

1.- Copia do DNI da persoa solicitante (e dos membros computables da unidade familiar), cando denegue a súa consulta na solicitude.

2.- Documento acreditativo do requisito de idade do/da alumno/a (DNI).

3.- Documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo ou etapa.

4.- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso.

Os representantes legais do alumno tamén deberán indicar se o alumno presenta necesidades específicas de apoio educativo (achegando, se fose o caso, a documentación que acredite as circunstancias alegadas).

Toda a documentación deberá ser orixinal ou copia cotexada; bastará para iso, co selo do centro.



Onde conseguir as solicitudes de admisión (Anexo II)?

- Sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es> Cód. Procedemento ED550B
- Guía de procedementos e servizos da www.xunta.es
- Na páxina web da Consellería de Educación e O.U. www.edu.xunta.es/web/node/14293
- En calquera centro educativo público poderase obter a solicitude de forma gratuita.

Horario de atención ao público da Secretaría: Luns a venres: 09:00 a 14:00

Martes: 17:00 a 18:30

IMPORTANTE! Situacións do alumnado e como proceder:

1. O alumnado **só poderá presentar unha única solicitude** no centro no que solicite praza en primeiro lugar. A presentación de dúas solicitudes implicaría a nulidade de calquera delas. A omisión desta instrución implicaría unha infracción polo que o alumno perdería os dereitos de prioridade que lle poderían corresponder.
2. O alumnado que teña garantía de permanencia (que estea matriculado no presente curso académico 2018/2019 noutro centro) e presenta solicitude de admisión neste centro **deberá comunicalo ao centro de orixe.**
3. O alumnado con reserva de praza nun centro que presente solicitude de admisión noutro centro distinto, deberá comunicar a renuncia á reserva de praza antes do 1 de marzo de 2018.
4. Abrirase un prazo de 10 días hábiles, a partir do remate do prazo para achegar documentación xustificativa que non fora entregada anteriormente.

Alumnado admitido e non admitido (provisionais):

Publicación de listaxes antes do 25 de abril

Lugar: taboleiro de anuncios e na páxina web www.edu.xunta.es/centros/iesdesar

Prazo de reclamacións: 5 días hábiles, perante o Consello Escolar

Alumnado admitido e non admitido (definitivas):

Publicación de listaxes antes do 15 de maio

Lugar: taboleiro de anuncios e na páxina web www.edu.xunta.es/centros/iesdesar

Interposición de recurso: un mes a contar dende o día seguinte á publicación ante o xefe territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

PRAZO DE FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA

IMPORTANTE: Independentemente de facer a reserva da praza no centro, e unha vez admitido o alumno, hay que formalizar a matrícula. As datas para dita formalización da matrícula son:

Período **ordinario**: do 25 de xuño ao 10 de xullo de 2019

Período **extraordinario**: do 1 ao 10 de setembro de 2019



CENTROS ADSCRITOS:

CEIP Ramón Cabanillas
CEIP Apostolo Santiago
CEIP Mestre Rodríguez Xixirei
CPR Vilas Alborada

Servizos educativos complementarios:

Transporte escolar: listaxe de paradas ver anexos

Beneficiarios: alumnado do ensino obrigatorio que teña o seu domicilio a unha distancia maior a 2km.

Abeiro normativo:

- Decreto 203/1986 regulador do transporte escolar
- Instrución 3/2014 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, do 5 de xuño, sobre a xestión do servizo de transporte escolar

PARA O BACHARELATO DE ARTES PLÁSTICAS A ÁREA DE INFLUENCIA DO IES DE SAR ABRANQUERÍA TODOS OS CONCELLOS QUE CONFORMAN A BISBARRA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.